

O entroido de Arlequín. Dimensións: 66 x 93 cm. Óleo sobre lenzo.

Joan Miró. 1924-1925. Galería Albrigh- Knox (Buffalo, EEUU)



Obra que se encadra dentro do Surrealismo

A pesar da fantasía que desborda todo o cadro podemos recoñecer moitas máis figuras das que nos imaxinamos. No centro cunha marcada liña vertical branca teríamos unha especie de botella (Aladino) da que sae unha fumarada branca coroada por un autómatas tocando a guitarra cunhas notas musicais á súa esquerda.

Tamén temos un eixo horizontal moi marcado cun gran brazo negro que remata á esquerda do do cadro nunha man branca que parece soste a escada de madeira. Neste cadro aparecen multitude de obxectos, pero xa se empeza a sistematizar a linguaxe característica de Miró. As formas son o resultado dun proceso de transformación que as leva a parecer abstractas, pero que Miró sempre rexeitou, xa que el sempre parte de figuras concretas da natureza. Por pñer un exemplo, a Torre Eiffel convértese nun triángulo negro. Esa idea de metamorfose está no cadro desde o título, que alude á idea do carnavalesco.

Eses signos (a escaleira, os paxaros, o sol, as estrelas...) iranse definindo e simplificando ao longo da súa vida ata converterse en verdadeiros ideogramas. Algúns destes elementos adquiren unha certa simboloxía na súa pintura, como a escaleira, que significa á vez a fuxida da realidade como unha idea da elevación espiritual, o globo terráqueo ou os insectos, que o obsesionan nesta época.

Segundo a explicación do propio Miró, o cadro non intenta plasmar un soño, como propoñían as teses de Breton e os surrealistas, senón "as alucinacións que producía a fame que pasaba", sinalando tamén como o que tentaba de acadar é unha certa identificación entre a súa pintura e a linguaxe da poesía:

"Trataba de profundizar el lado mágico de las cosas. Por ejemplo, la coliflor tiene una vida secreta y eso era lo que a mi me interesaba y no su aspecto exterior. Durante ese año frecuenté mucho la compañía de los poetas porque pensaba que era necesario ir más allá del "hecho plástico" para alcanzar la poesía"

A cor aplícase de forma plana, sen modulacións. Hai cantidade de cores, pero os que marcan o ritmo harmónico son as cores primarias: azul, vermello, amarelo e engade tamén o branco. Son as cores os que nos levan dun personaxe a outro, pero sen que haxa un percorrido marcado, permite absoluta liberdade na contemplación.

A pesar do absurdo da escea existe un claro tratamento perspectivo na habitación, na fiestra e na escada. Esta pensada estrutura do cadro confírmase polos debuxos preparatorios do cadro onde o autor amosa unha gran preocupación pola disposición das figuras e a súa composición. Tamén destes debuxos podemos atopar algúns elementos figurativos que parecen proceder de estudos sobre obras de Brueghel ou de El Bosco. A composición remata configurando un espazo dinámico, barroquizante e multicolor. O conxunto preséntase como unha realidade onírica chea, aparentemente, de inxenuidade, nun espazo tridimensional convencional.

O *Entroido do Arlequín* considérase, xunto coa *Masía* (1921-1922) e *Interior Holandés* (1928), a súa mellor peza onírica e colorista, realizada durante unha época na que os cadros do artista eran pouco menos que interpretacións pictóricas da poesía surrealista.